



## PSN SILT Profesional

### Que é PSN SILT Profesional?

É un seguro de baixa laboral temporal dirixido a universitarios profesionais que teñan ata 64 anos. Complementa os teus ingresos en caso de baixa laboral por enfermidade ou accidente.

### Por que contratar este seguro?

- Indemnización diaria de ata 12 ou 18 meses de duración.
- No caso de non solicitar prestacións terás ata un 25 % de bonificación na prima dos anos sucesivos.
- Franquía á túa elección de 0, 3, 7, 15, 20 ou 30 días.
- Dedución fiscal da prima ata un máximo de 500 €/ano para os profesionais por conta propia e a posibilidade de ser considerado gasto deducible no imposto de sociedades.

Chámanos sen compromiso  
ao:

91 061 67 90



### Que cobre este seguro?

#### Coberturas principais

- Incapacidade laboral total temporal: ofrecémosche unha indemnización diaria en caso de baixa laboral por enfermidade ou accidente.
- Coberturas especiais para mulleres menores de 45 anos:
  - + Baixa durante o embarazo: ata 30 días, cunha carencia de 8 meses.
  - + Parto: indemnización por parto equivalente a 20 días do capital contratado, cunha carencia de 8 meses.

#### Coberturas complementarias

- Hospitalización: indemnización adicional.

### Máis información

#### Ata cando che ofrece cobertura?

- Ata os 65 anos.

#### Como vas investir no teu seguro?

- Realizarás un pagamento anual con posibilidade de fraccionar as primas.

#### Como recibes ou reciben os teus familiares as prestacións?

- Aboámosche unha indemnización diaria por baixa laboral.

SILT VIP, un seguro sen exclusións

É un seguro de baixa laboral que amplía as coberturas de SILT Profesional:

- Calquera enfermidade derivada ou relacionada co VIH e coa Hepatite C.
- Síndromes dolorosas inespecíficas, sen diagnóstico etiolóxico, fibromialxias e resto de alxias.
- Cadros de tensión, ansiedade ou depresión.
- Hernias de disco de calquera etioloxía e localización, e as súas consecuencias.